XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

galicia

PROXECTO DE DECRETO /2019, DO DE , POLO QUE SE APROBA O CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, consonte o establecido na Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, que mantén a reserva para o Estado das competencias relativas á seguridade pública e a facultade de ditar normas que regulen os espectáculos taurinos. A materia de espectáculos públicos abrangue as actividades recreativas, tal e como sinalou o Tribunal Constitucional no Auto 46/2001, do 27 de febreiro.

Para o pleno exercicio desta competencia, o Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, regula o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia na dita materia, e mediante o Decreto 336/1996, do 13 de setembro, asumíronse as funcións e os servizos transferidos.

Con base na devandita atribución competencial, promulgouse a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. A Disposición derradeira quinta desta norma legal autoriza ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento regulamentario.

Este decreto ten por obxecto aprobar, no marco do desenvolvemento normativo da Lei 10/2017, do 27 de decembro, un novo catálogo que estableza unha regulación máis práctica e moderna, na procura de adaptar as diversas tipoloxías de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público á realidade da sociedade actual, tendo en conta a experiencia acumulada desde a entrada en vigor do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, que aconsella unha reformulación acorde co disposto na devandita lei.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

Esta norma regulamentaria establece unhas disposicións de carácter xeral e, así mesmo, incorpora como anexo un catálogo onde se recollen as diversas tipoloxías de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público no territorio da Comunidade Autónoma, coa finalidade de que tanto os concellos como os organizadores de espectáculos públicos ou actividades recreativas ou os titulares de establecementos ou espazos abertos ao público poidan dispoñer dun marco normativo estable.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a publicación do texto, para alegacións, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Finalmente, e de conformidade con todo o exposto anteriormente, cómpre destacar que, coa aprobación deste decreto, se dá pleno cumprimento aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que constitúen os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co Consello Consultivo/oído o Consello Consultivo e de acordo co voto particular formulado pola conselleira ou conselleiro (ou conselleiras/conselleiros) e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día de de dous mil dezanove,

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Este decreto ten por obxecto determinar as tipoloxías de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público así como aprobar o catálogo no que se establece a clasificación, denominación e definición dos espectáculos públicos, das actividades recreativas e dos establecementos abertos ao público que se insire como anexo.

2. Este decreto será de aplicación a todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren en establecementos e espazos abertos ao público que estean sometidos ao ámbito de aplicación da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Artigo 2. *Condicións xerais*

1. Todos os espectáculos públicos, as actividades recreativas e os establecementos ou espazos abertos ao público estarán sometidos ao réxime de intervención administrativa previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2. Con independencia do réxime de intervención administrativa que resulte aplicable, deberán cumprir as condicións técnicas e de seguridade ás que fai referencia o artigo 7 da Lei 10/2017, do 27 de decembro así como a normativa en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de protección contra a contaminación acústica.

3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, para a apertura e instalación de establecementos abertos ao público situados en vías públicas e outras zonas de dominio público así como para a celebración de espectáculos públicos e actividades

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

recreativas en espazos abertos ao público nas devanditas zonas, deberá dispoñerse do título habilitante para o uso do dominio público expedido pola Administración competente.

Artigo 3. *Tipoloxías de espectáculos públicos e de actividades recreativas*

1. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas comprendidas no catálogo poderán celebrarse con carácter permanente, de tempada, ocasional ou extraordinario, en establecementos abertos ao público fixos ou eventuais ou en espazos abertos ao público.

2. Para os efectos deste decreto, os espectáculos públicos e as actividades recreativas poderán ser:

a) Permanentes: aqueles que se celebren de forma habitual e ininterrompida en establecementos abertos ao público fixos.

b) De tempada: aqueles que se celebren en establecementos abertos ao público fixos ou eventuais durante períodos de tempo superiores a 3 meses e inferiores a 1 ano.

c) Ocasionais: aqueles que se celebren en establecementos ou espazos abertos ao público fixos ou eventuais, así como en vías e zonas de dominio público, durante períodos de tempo inferiores a 3 meses.

d) Extraordinarios: aqueles que se desenvolven esporadicamente en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da actividade propia do establecemento.

Artigo 4. *Tipoloxías de establecementos e espazos abertos ao público*

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

1. De conformidade co artigo 3.d) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os establecementos abertos ao público poden ser dos seguintes tipos:

a) Locais cerrados, permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente.

b) Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas.

c) Recintos que unen varios locais ou instalacións, constituídos en complexos ou infraestruturas de ocio.

2. De acordo co artigo 3.e) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, enténdese por espazos abertos ao público: os lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se leven a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.

Artigo 5. *Instalacións portátiles ou desmontables*

De conformidade co artigo 3.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, enténdese por instalacións portátiles ou desmontables: aquelas estruturas móbiles provisionais e eventuais ou aqueles recintos aptos para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxo conxunto se encontre conformado por elementos desmontables ou portátiles constituídos por módulos ou compoñentes metálicos, de madeira ou de calquera outro material que permita operacións de montaxe ou desmontaxe sen necesidade de construír ou demoler algunha obra de fábrica.

Artigo 6. *Capacidade dos establecementos e espazos abertos ao público*

Para os efectos deste decreto, entenderase por:

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

a) Capacidade dos establecementos abertos ao público: o número máximo de persoas, calculado de conformidade co establecido no Código Técnico da Edificación ou norma básica que o substitúa, respecto da evacuación de ocupantes e a seguridade en caso de incendio ou outras situacións de risco.

b) Capacidade dos espazos abertos ao público: o número máximo de persoas que teñen cabida no devandito espazo aplicando a fórmula de 2 persoas por cada metro cadrado de espazo computable.

Artigo 7. *Establecementos dedicados ao desenvolvemento de máis dun tipo de espectáculo público ou actividade recreativa*

1. Nos establecementos abertos ao público poderanse celebrar máis dun tipo de espectáculo público ou actividade recreativa compatibles entre si. Tamén se poderán celebrar outras actividades económicas que se atopen fóra do ámbito de aplicación da Lei 10/2017, do 27 de decembro, sempre que, consonte a súa normativa específica, poidan desenvolverse conxuntamente con aqueles.

2. A celebración de máis dun tipo de espectáculo público ou actividade recreativa compatibles entre si no mesmo establecemento aberto ao público deberá constar expresamente na licenza municipal ou na declaración responsable, de acordo coas definicións e denominacións que correspondan a cada espectáculo público, actividade recreativa e establecemento aberto ao público, recollidas no catálogo que figura como anexo deste decreto.

3. Non se poderán desenvolver dentro dun mesmo establecemento aberto ao público aqueles espectáculos públicos ou actividades recreativas que resulten incompatibles, ben a teor do disposto na súa correspondente normativa sectorial, ou ben porque difiran entre si en canto ao horario de apertura e peche establecido para cada un deles, na dotación de medidas e condicións técnicas e de seguridade, de protección ambiental e insonorización exixibles ou en función da idade mínima ou máxima do público ao que se autorice o acceso a estes.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

O anterior non será de aplicación a aqueles establecementos abertos ao público que dispoñan de espazos de usos diferenciados que permitan delimitar e separar fisicamente os distintos espazos, de tal xeito que os accesos a cada espectáculo público ou actividade recreativa e a súa celebración sexan, para estes efectos, totalmente independentes uns doutros e cada espazo cumpra todas as condicións necesarias para o desenvolvemento dos diferentes espectáculos públicos ou actividades recreativas.

Artigo 8. *Espectáculos públicos e actividades recreativas de escasa entidade ou incidencia*

1. Para os efectos do disposto no artigo 41 bis da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, entenderase por espectáculos públicos e actividades recreativas de escasa entidade ou incidencia os que cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

a) Que teñan lugar en establecementos abertos ao público cunha capacidade inferior a 75 persoas.

b) Que se trate de actuacións realizadas ao vivo por artistas, intérpretes ou executantes, que non requiran escenario desmontable, nin camerinos, nin medidas especiais de seguridade e insonorización diferentes ás que xa teña o establecemento e cuxo desenvolvemento non supoña, ao mesmo tempo, unha modificación da actividade para a que está habilitado.

c) Que o espectáculo ou actividade non afecte ás condicións técnicas, de seguridade e de illamento acústico xerais do establecemento, nin sexa susceptible de producir unha alteración da seguridade e condicións de evacuación ou un aumento da capacidade permitida.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

d) Que non requiran a montaxe de instalacións nin equipo técnico extraordinario e diferente do que xa dispoña o establecemento pola súa normativa de aplicación.

2. Os concellos, mediante ordenanza municipal, poderán establecer xustificadamente supostos concretos de espectáculos e actividades que, cumprindo os anteriores requisitos, queden exceptuados do réxime de declaración responsable.

Artigo 9. *Espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario*

Para os efectos deste decreto, considéranse:

a) Espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolven esporadicamente: aqueles que se celebren nun mesmo establecemento aberto ao público co límite máximo de 6 espectáculos ou actividades ao ano. Este límite enténdese referido a un máximo de 6 días no ano natural, e non se considerarán un mesmo espectáculo público ou actividade recreativa as programacións ou ciclos de máis de 1 día de duración.

b) Establecementos abertos ao público legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa de carácter extraordinario: aqueles que reúnan as condicións técnicas, de seguridade e de illamento acústico necesarias para o desenvolvemento do espectáculo ou actividade que se pretende celebrar de forma extraordinaria. En todo caso, o cumprimento dos requisitos deberá constar acreditado no expediente mediante o correspondente informe técnico municipal ou, se for o caso, o certificado dunha entidade de certificación de conformidade municipal (ECCOM) nos termos establecidos na Lei 9/2013, do 18 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Artigo 10. *Asimilación das tipoloxías*

Cando un espectáculo público, actividade recreativa ou establecemento aberto ao público non puidese incardinarse nalgunha das tipoloxías enumeradas expresamente no catálogo que se insire como anexo, a xefatura territorial da consellería competente

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

en materia de espectáculos públicos resolverá a súa asimilación dentro dunha das tipoloxías xa existentes.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos procedementos*

Este decreto será de aplicación aos procedementos de outorgamento das licenzas municipais e de recepción e comprobación das declaracións responsables iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto e, nomeadamente, o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Adaptación das licenzas municipais, das declaracións responsables e das comunicacións previas*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor deste decreto, os concellos deberán actualizar as licenzas municipais outorgadas e as declaracións responsables ou comunicacións previas presentadas con anterioridade, co obxecto de adaptar as tipoloxías á clasificación, denominación e definición dos espectáculos públicos, das actividades recreativas e dos establecementos abertos ao público, contidas no catálogo que se aproba mediante esta norma.

Disposición derradeira segunda. *Adaptación das ordenanzas municipais*

A partir da entrada en vigor deste decreto, os concellos dispoñerán dun prazo dun ano para, de ser o caso, adaptar as ordenanzas municipais ao réxime previsto nel.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

Este decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO

CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

I. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

I.1. Espectáculos cinematográficos
I.2. Espectáculos teatrais e musicais
I.3. Espectáculos taurinos
I.4. Espectáculos circenses
I.5. Espectáculos deportivos
I.6. Espectáculos feirais e de exhibición
I.7. Espectáculos pirotécnicos

II. ACTIVIDADES RECREATIVAS

II.1. Actividades culturais e sociais
II.2. Actividades deportivas
II.3. Actividades de ocio e entretemento
II.4. Atraccións recreativas
II.5. Festexos e celebracións populares
II.6. Xogos de sorte, envite ou azar
II.7. Actividades de restauración
II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas

III. ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

III.1. Establecementos de espectáculos públicos

III.1.1. Cines
III.1.2. Teatros

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

III.1.3. Auditorios

III.1.4. Circos

III.1.5. Prazas de touros

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos

III.1.7. Recintos feirais

III.2. Establecementos de actividades recreativas

III.2.1. Establecementos de xogo

III.2.2. Centros de ocio infantil

III.2.3. Establecementos para actividades deportivas

III.2.4. Establecementos para atraccións recreativas

III.2.5. Establecementos para actividades culturais e sociais

III.2.6. Establecementos de restauración

III.2.7. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas

III.2.8. Establecementos de ocio e entretemento

I. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

I.1. Espectáculos cinematográficos

A exhibición ou proxección pública de películas cinematográficas e outros contidos susceptibles de seren proxectados en pantalla, con independencia dos medios técnicos utilizados, e sen prexuízo de que se exhiban ou proxecten en establecementos cerrados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e autorizados para iso.

I.2. Espectáculos teatrais e musicais

Teatrais: a representación pública de obras teatrais, artísticas ou escénicas, mediante a utilización, illada ou conxuntamente, da linguaxe, da mímica, da música, do cómic, de monicreques ou outros obxectos a cargo de artistas, intérpretes ou executantes, sexan ou non profesionais, en locais cerrados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e autorizados para iso.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

Musicais: a execución ou representación de obras ou composicións musicais, operísticas ou de danza, mediante a utilización, illada ou conxuntamente, de instrumentos musicais, música gravada e enviada por medios mecánicos ou da voz humana a cargo de artistas, intérpretes ou executantes, profesionais ou afeccionados, en locais cerrados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e autorizados para iso.

I.3. Espectáculos taurinos

Aqueles nos que interveñen reses de gando bovino bravo para seren lidadas en prazas de touros con público, por profesionais ou afeccionados, de acordo coa normativa específica. A clasificación e características dos recintos serán os establecidos na normativa específica aplicable.

I.4. Espectáculos circenses

A execución ou representación en público de exercicios físicos, de acrobacia ou habilidade, actuacións de pallasos, malabaristas, prestidixitadores, animais amestrados ou non, e outras semellantes, realizadas por artistas, intérpretes ou executantes profesionais ou afeccionados, en establecementos pechados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e autorizados para iso.

I.5. Espectáculos deportivos

A exhibición en público do exercicio de calquera modalidade ou especialidade deportiva, competitiva ou non, por deportistas profesionais ou afeccionados, en recintos, instalacións, vías ou espazos abertos ao público, debidamente acondicionados e autorizados para iso.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición

A presentación en público de produtos naturais ou artificiais derivados das plantas, animais ou natureza, ou a realización en público de representacións musicais, bailes,

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

exhibicións, cabalgatas ou desfiles de carácter popular, tradicional ou de calquera índole en locais pechados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e autorizados para iso.

I.7. Espectáculos pirotécnicos

Aqueles nos que se produce a execución ou representación en público de obras ou composicións de efectos visuais, sonoros, e fumíxenos cunha finalidade lúdica, mediante o uso de artificios de pirotecnia, conxunta ou illadamente con composicións audiovisuais, de instrumentos musicais ou a voz humana, a cargo de músicos, cantantes ou artistas, profesionais ou afeccionados, en espazos abertos ao público debidamente acondicionados e autorizados para iso.

II. ACTIVIDADES RECREATIVAS

II.1. Actividades culturais e sociais

Aquelas que ofrecen ao público a posibilidade de incrementar e intercambiar os seus coñecementos e relacións humanas a través do acceso á información, con independencia do formato en que se atope esta, así como mediante o acceso a obras, manifestacións e actos artísticos ou culturais que se desenvolvan en establecementos cerrados debidamente acondicionados e autorizados para iso ou ao aire libre.

II.2. Actividades deportivas

Aquelas mediante as cales se ofrece ao público a práctica de calquera deporte, ben en establecementos abertos ao público legalmente habilitados e autorizados para iso ou en espazos abertos ao público, nas condicións establecidas na normativa específica. Inclúense nesta definición as actividades que consistan en ofrecer ao público en establecementos ou en espazos abertos ao público a utilización de instalacións fixas, eventuais ou outros elementos ou servizos de carácter deportivo, de habilidade ou de resistencia física, previo pago do prezo polo seu uso ou por acceder ao

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

establecemento aberto ao público no que se atopen instalados, tales como tirolina, ponte tibetano, piragüismo, paintball e calquera outros de semellantes características.

Non terán esta consideración os equipamentos urbanos ou rurais de uso libre e colectivo pola cidadanía, concibidos como espazos ao aire libre con instalacións destinadas ao exercicio da cultura física en vías públicas e outras zonas de dominio público non vinculados a unha actividade económica de espectáculos públicos ou actividade recreativa determinada.

II.3. Actividades de ocio e entretemento

Aquelas que consisten en ofrecer ao público asistente tempo de recreo, entretemento ou lecer en establecementos abertos ao público habilitados legalmente para iso, baseadas na actividade de baile en pistas ou en espazos do establecemento aberto ao público especificamente acoutados e previstos para iso, na utilización de equipos de amplificación ou reprodución sonora ou audiovisuais, no desenvolvemento de actuacións en directo así como na consumición de bebidas.

II.4. Atraccións recreativas

Aquelas que consisten en ofrecer ao público en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para iso ou en espazos abertos ao público un tempo de recreo, entretemento ou lecer, mediante a utilización de atraccións, mecánicas ou non, consistentes en instalacións fixas ou eventuais, tales como inchables, parques de bolas, tobogáns, bambáns, carruseis, noras, montañas rusas, trens turísticos, barracas e calquera outros de semellantes características a cambio do pago dun prezo polo seu uso ou por acceder ao establecemento aberto ao público no que se atopen instalados.

II.5. Festexos e celebracións populares

Aquelas que se celebran xeralmente ao aire libre ou na vía pública con motivo de festas locais, patronais ou populares, con actuacións musicais, bailes, barracas, fogos de artificio, hostalaría e restauración.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

II.6. Xogos de sorte, envite ou azar

Calquera actividade, incluídas as apostas, mediante a que se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliables, en función dun resultado futuro e incerto, independentemente da incidencia que nel teña o grao de destreza ou habilidade ou que sexa exclusivo da sorte, envite ou azar, e inclúe tanto as actividades realizadas por medios presenciais como por canles electrónicas, informáticas, telemáticas ou interactivas.

II.7. Actividades de restauración

Aquelas que teñen por obxecto a prestación do servizo de comida e bebida para o seu consumo polo público a cambio dun prezo, en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para iso, consonte o disposto na súa normativa específica.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas

Aquelas que consisten en ofrecer ao público a exhibición de especies animais, vexetais ou minerais, en establecementos abertos ao público debidamente habilitados para iso, consonte a súa normativa específica.

III. ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

III.1. Establecementos de espectáculos públicos

III.1.1. Cines

Establecementos abertos ao público preparados especialmente para a proxección de películas cinematográficas ao aire libre o nunha ou varias salas de exhibición, con independencia dos procedementos técnicos que se empreguen.

III.1.2. Teatros

Establecementos abertos ao público destinados preferentemente á celebración de espectáculos teatrais e musicais ao aire libre ou nunha ou varias salas, dispoñendo de

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

escenario, camerinos e localidades de asento, así como dos servizos e instalacións axeitados para o seu uso.

III.1.3. Auditorios

Establecementos abertos ao público destinados preferentemente á celebración de espectáculos teatrais e musicais e actividades culturais ao aire libre o nunha ou varias salas, dispoñendo de escenario, camerinos, localidades de asento e locais auxiliares, así como dos servizos e instalacións axeitados para o seu uso.

III.1.4. Circos

Establecementos abertos ao público destinados exclusivamente á celebración de espectáculos circenses, dispoñendo de polo menos unha pista para a celebración destes e bancadas para os espectadores.

III.1.5. Prazas de touros

Establecementos públicos regulados e definidos na normativa específica taurina que se destinen á celebración de espectáculos taurinos e festexos taurinos populares, nos termos establecidos na dita normativa específica.

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos

Establecementos abertos ao público cerrados ou ao aire libre, destinados principalmente á exhibición en público de espectáculos ou actividades deportivas en calquera das súas modalidades, cos requisitos e condicións que estableza a normativa sectorial específica.

III.1.7. Recintos feirais

Establecementos abertos ao público cerrados ou ao aire libre, destinados principalmente a acoller actividades de presentación en público de produtos naturais

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

ou artificiais derivados das plantas, animais ou natureza, ou á realización de representacións musicais, bailes ou calquera outro tipo de exhibición.

III.2. Establecementos de actividades recreativas

III.2.1. Establecementos de xogo

Establecementos abertos ao público definidos e regulados na vixente normativa de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.2.1.1. Casinos
III.2.1.2. Bingos
III.2.1.3. Salóns de xogo
III.2.1.4. Tendas de apostas

III.2.2. Centros de ocio infantil

Establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento así como a celebración de festas infantís. As actividades ofertadas non poderán consistir na formación ou a mera custodia ou coidado dos rapaces. Os xogos e as actividades deberán estar dirixidos por responsables adultos con titulación de monitor de tempo libre e será preciso 1 por cada 10 nenos. Poderán dispoñer dun servizo de restauración con ofertas axeitadas aos menores e os seus acompañantes que deberá constar especificamente no título habilitante municipal que lles corresponda.

III.2.3. Establecementos para actividades deportivas

Establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer ao público a práctica de calquera deporte ou exercicio físico nas condicións establecidas na normativa específica. Poderán ser dos seguintes tipos:

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

III.2.3.1. Estadios deportivos: establecementos abertos ao público fixos, con bancadas para o público, non cubertos ou cubertos parcialmente que, debidamente autorizados, se destinan á exhibición en público dun ou máis deportes.

III.2.3.2. Pavillóns deportivos: establecementos abertos ao público fixos e cubertos que, debidamente autorizados, se destinan a actividades físicas que impliquen a práctica dalgún deporte.

III.2.3.3. Recintos deportivos: establecementos abertos ao público e descubertos, acondicionados para realizar prácticas deportivas, sen que a asistencia de público sexa a súa finalidade principal.

III.2.3.4. Pistas de patinaxe: establecementos abertos ao público fixos ou eventuais, cunha pista central destinada á práctica de patinaxe sobre xeo ou patíns.

III.2.3.5 Ximnasios: establecementos abertos ao público fixos provistos de aparellos axeitados para practicar ximnasia, que contan con salas independentes para a realización de exercicio físico.

III.2.3.6. Piscinas de competición: establecementos abertos ao público fixos, con bancadas para o público, que contan cunha ou máis pías de auga para a práctica deportiva.

III.2.3.7. Piscinas recreativas de uso colectivo: establecementos abertos ao público fixos que poden ser utilizadas polo público en xeral.

III.2.4. Establecementos para atraccións recreativas

Establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer a práctica de xogos recreativos, a utilización de atraccións recreativas ou a práctica de actividades recreativas acuáticas e, de ser o caso, a ofrecer de xeito complementario actividades de hostalaría ás persoas usuarias. Poden ser dos seguintes tipos:

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

III.2.4.1 Parques de atraccións e temáticos: establecementos abertos ao público fixos e independentes ao aire libre que, debidamente autorizados, se destinan ao desenvolvemento de atraccións recreativas de índole diversa e, de ser o caso, conxuntamente con estas e en áreas diferenciadas dentro do mesmo recinto, á celebración de espectáculos cinematográficos, teatrais, musicais ou circenses.

III.2.4.2. Parques acuáticos: establecementos abertos ao público fixos debidamente autorizados e destinados a ofrecer actividades recreativas acuáticas.

III.2.4.3 Salóns recreativos: establecementos abertos ao público fixos debidamente autorizados e destinados a ofrecer xogos con máquinas recreativas tipo A.

III.2.4.4 Parques multiocio: establecementos abertos ao público fixos debidamente autorizados e destinados ao desenvolvemento de xogos recreativos cuxo funcionamento non sexa eléctrico nin mecánico, tales como camas elásticas, salto libre, escalada e calquera outros de semellantes características.

III.2.5. Establecementos para actividades culturais e sociais

Establecementos abertos ao público que se destinen a acoller actividades culturais e sociais. Poden ser dos seguintes tipos:

III.2.5.1. Museos: establecementos abertos ao público destinados a recoller, adquirir, ordenar e conservar, co obxecto de estudar e exhibir de forma científica, didáctica e estética, conxuntos de bens mobles de valor cultural.

III.2.5.2 Bibliotecas: establecementos abertos ao público destinados preferentemente á posta a disposición da cidadanía dun conxunto organizado de libros, publicacións, xornais, rexistros sonoros e visuais ou outros rexistros culturais e informativos, con fins de educación, investigación, información e ocio.

III.2.5.3 Salas de conferencias: establecementos abertos ao público destinados preferentemente á celebración de actividades culturais ou sociais tales como impartir

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

cursos, dar conferencias, coloquios, debates, recitais, lecturas públicas, reunións ou outras semellantes.

III.2.5.4 Salas polivalentes: establecementos abertos ao público fixos onde se poden realizar actividades de características distintas pero cun fundamento común, como son as reunións sociais, culturais e deportivas.

III.2.5.5 Salas de concertos: establecementos abertos ao público que dispoñen de camerinos e escenarios, ofrecendo bebidas e actuacións de variedades ou musicais en directo, para o lecer do público asistente.

III.2.6. Establecementos de restauración

Establecementos abertos ao público público que se destinen á actividade de restauración e coas seguintes tipoloxías:

III.2.6.1. Restaurantes: establecementos abertos ao público destinados ao consumo de comidas e bebidas realizado en horario determinado e en zonas de comedor independentes, para o que se deberá contar cunha instalación de cociña axeitada ao servizo e categoría.

III.2.6.1.1. Salóns de banquetes: restaurantes destinados a servir comidas e bebidas a un público agrupado, mediante prezo concertado, para seren consumidas en data e horas predeterminadas en servizo de mesas no mesmo establecemento. Poden realizar actividades de baile posterior á comida sempre que reúnan as condicións de seguridade e insonorización.

III.2.6.2. Cafeterías: establecementos abertos ao público que ofrezan, nunha mesma unidade espacial, servizo de barra e mesas co fin de dispensar todo tipo de bebidas, que poden acompañar dunha oferta de restauración sinxela e de ordinario á prancha para o que, de ser o caso, deberá contar con servizo de cociña axeitado.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

III.2.6.3. Bares: establecementos abertos ao público que, en servizo de barra, ofrecen todo tipo de bebidas, que poderán servirse acompañadas de tapas ou racións en horarios determinados. Tamén se considerarán bares aqueles establecementos abertos ao público que ademais da barra contan, na mesma unidade espacial, con servizo de mesas nas que se poderá facilitar ao cliente o mesmo servizo que na barra así como un servizo de restauración consistente, como máximo, nun menú único ofrecido por un prezo global. Para a oferta de tapas, racións e do menú, o establecemento deberá contar con cociña acorde cos servizos que preste.

III.2.7. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas

Establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.8. Establecementos de ocio e entretemento

Establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer aos asistentes actividades de ocio e entretemento. Poden ser das seguintes clases:

III.2.8.1. Salas de festas: establecementos abertos ao público que dispoñen de camerinos, escenario, pistas de baile e roupeiro, ofrecendo servizo de bar e actuacións de variedades ou musicais en directo para o ocio e entretemento do público asistente.

III.2.8.2. Discotecas: establecementos abertos ao público que se dediquen a servir bebidas e destinados a ofrecer ao público a actividade de baile, dispoñendo de roupeiro e dunha ou mais pistas de baile para o público. Para os efectos deste decreto, considérase pista de baile o espazo especialmente delimitado e destinado para tal fin, desprovisto de obstáculos ou de mobiliario.

III.2.8.3. Pubs: establecementos abertos ao público destinados ao servizo de bebidas, que dispoñen de ambientación musical por medios técnicos dentro dos límites

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela

establecidos pola normativa vixente, pero sen pista de baile. Poderán dispoñer de servizo de karaoke.

III.2.8.4. Cafés-espectáculo: establecementos abertos ao público nos que se desenvolven actuacións musicais, teatrais ou culturais en directo, sen pistas de baile para o público, podendo ou non dispoñer de escenarios ou camerinos e nos cales se ofrece servizo de bebidas e restauración.